

A ECONOMÍA DOS GALAICOS

CASTRO DE TROÑA

Restos da muralla do primeiro recinto de 2,5 m de altura

Vivenda de planta circular con adro orientado ao patio

Restos dunha construción de planta cuadrangular

Patio

Gravado rupestre serpentiforme atopado polo arqueólogo Xurxo Lorenzo en 1932

Cabanas vinculadas ao obradoiro de ferrería

Vivenda de planta circular con adro orientado ao patio datable a partires do s. I a.C

Rueiro público para circulación dos habitantes do poboado

Construción de planta seudorectangular que que puido acoller o obradoiro dun ferreiro

2 4 6 8 10 20 m

A principal base económica dos habitantes do Castro de Troña foi a explotación dos recursos naturais que tiñan ao seu dispor. A elección dun outeiro, con grande dominio visual sobre a contorna, obedece a unha necesidade defensiva e estratéxica: vixiar os castros próximos e o tránsito de bens e persoas polo val, pero sobre controlar desde unha posición dominante todo do territorio inmediato que aporta á

comunidade os recursos clave para a súa subsistencia: o agro, a pesca e o gando.

Da importancia da agricultura nesta aldea fortificada fálanos tamén a aparición de pedras de afiar, destinadas a amolar a ferramenta metálica dos galaicos, fundamentalmente a de uso agrario común (coitelos, puntas de lanza, fouces) pero tamén de uso militar (puntas de frecha, espadas, puñais), restrinxida ás elites sociais.

As unidades familiares

Alpendre ou celeiro

Vivenda

Patio

Vivenda

Estas tres cabanas formaban parte doutra unidade familiar

Aquí residía unha soa familia





Muíños de man



Foto: José M. Hidalgo Cuñarro

Escavación dunha pedra fixa ou meta no castro de Troña

A aparición de morteiros de pedra, pero sobre todo dun grande número de muíños de man circulares no interior das cabanas de Troña, evidencian que a moenda de landras e cereais (trigo, cebada e millo miúdo) foi capital para alimentación destes homes e mulleres.



Pesa de rede a tamaño real

PESAS DE REDE

Nos castros litorais, pero tamén nos situados no interior dos vales fluviais, documentáronse evidencias materiais da práctica da pesca por parte dos galaicos. Restos de espiñas de peixes, anzois metálicos e pesas de rede demostran que a pesca formaba parte da dieta habitual dos seus habitantes.

En Troña atopáronse un bo número de pesas talladas que se utilizaron, probablemente, como como pesas de rede ou poutadas para a pesca no río Tea. Tamén puideron empregarse como pesas de tear no contexto da realización de artesanías domésticas, aínda que a aparición de *pondus* ou pesas de tear de barro cocido faría menos verosímil esta interpretación.

Trátase de pequenos cantos de granito ou cuarcita de forma alongada (entre 6 e 8 cm) que se desbastaron manualmente a media altura, fundamentalmente nos lados menores, a fin de favorecer o atado de cordas realizadas a partir de plantas como o cáñamo ou o esparto.

